

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 12 de maio de 2008**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NO ASISTE:**

D<sup>a</sup> Elena Maure Noia

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de maio de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(704).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de abril de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(705).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES APROBADOS NOS SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS MESES DE FEBREIRO, MARZO E ABRIL DE 2008. EXPTE. 2740, 2741 E 2742/335.**

Mediante providencia do 30.04.08 o concelleiro delegado de Animación Sociocultural, da conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Animación Sociocultural durante os meses de febreiro, marzo e abril, que son os seguintes:

*Expte: 2547/335. CONTRATACIÓN REPARACIÓN DE POSTOS PARA A FESTA DA RECONQUISTA 2008.*  
*Decreto concelleiro data: 22/02/2008*

Informe Intervención: RC 10422  
Adjudicatario: MARS  
Importe: 2.143,68 EUROS

Expte: 2575/335. CONTRATACIÓN MONTAXE/DESMONTAXE CADEIRAS PARA ACTUACIÓN DE CONCERTOS DE BANDAS.

Decreto concelleiro data: 26/02/2008  
Informe Intervención: RC 9586  
Adjudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.  
Importe: 11.681,32 EUROS

Expte: 2593/335. CONTRATACIÓN DISEÑO E PRODUCCIÓN DAS ESTRUTURAS DE EXPOSICIÓN PARA AS ACTUACIÓN DE BANDAS E CORAIS.

Decreto concelleiro data: 11/03/2008  
Informe Intervención: RC 13746  
Adjudicatario: ANÓNIMO PUBLICIDAD S.L.  
Importe: 3.460,51 EUROS

Expte: 2599/335. CONTRATACIÓN MEGAFONÍA PARA O DÍA DA MUIÑEIRA

Decreto concelleiro data: 12/03/2008  
Informe Intervención: RC 15384  
Adjudicatario: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA - FERROGAR  
Importe: 5.220,00 EUROS

Expte: 2610/335. CONTRATACIÓN SUBMINISTRACIÓN DE SERPENTINAS PARA A BATALLA DE FLORES 2008.

Decreto concelleiro data: 26/03/2008  
Informe Intervención: RC 14876  
Adjudicatario: EXCLUSIVAS VARELA VIGO S.L.  
Importe: 3.201,60 EUROS

Expte: 2611/335. CONTRATACIÓN CANÓNS LANZAMIENTO CONFETTI PARA A BATALLA DE FLORES 2008.

Decreto concelleiro data: 26/03/2008  
Informe Intervención: RC 15542  
Adjudicatario: CREACIONES LEAL S.L.  
Importe: 5.011,20 EUROS

Expte: 2576/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN DE MATERIAL GRÁFICO DE PROGRAMAS DE ACTUACIÓN DE BANDAS E CORAIS.

Decreto concelleiro data: 31/03/2008  
Informe Intervención: RC 15644  
Adjudicatario: ANÓNIMO PUBLICIDAD S.L.  
Importe: 6.497,99 EUROS

Expte: 2606/335. CONTRATACIÓN GRUPO DE ANIMACIÓN "FROITAS E HORTALIZAS" PARA A BATALLA DE FLORES 2008.

Decreto concelleiro data: 31/03/2008  
Informe Intervención: RC 15404  
Adjudicatario: TROULA ANIMACIÓN S.L.  
Importe: 12.000,00 EUROS

Expte: 2607/335. CONTRATACIÓN CARROZA PARA O DESFILE DA BATALLA DE FLORES 2008.

Decreto concelleiro data: 31/03/2008  
Informe Intervención: RC 15400  
Adjudicatario: FRANCISCO RODRÍGUEZ PORTO  
Importe: 6.960,00 EUROS

*Expte: 2616/335. CONTRATACIÓN GRUPO DE ANIMACIÓN “ESTRUTURAS AÉREAS FROITAS” PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 31/03/2008*

*Informe Intervención: RC 15645*

*Adxudicatario: FUNDACIÓN IGUALARTE*

*Importe: 5.800,00 EUROS*

*Expte: 2617/335. CONTRATACIÓN MATERIAL PIROTÉCNICO PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 31/03/2008*

*Informe Intervención: RC 15643*

*Adxudicatario: PIROTECNIA LA GALLEGA S.L.*

*Importe: 11.971,20 EUROS*

*Expte: 2618/335. CONTRATACIÓN BATERÍAS DE LANZAMIENTO DE CONFETTI PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 31/03/2008*

*Informe Intervención: RC 16348*

*Adxudicatario: PIROTECNIA LA GALLEGA S.L.*

*Importe: 6.681,60 EUROS*

*Expte: 2620/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN MATERIAL GRÁFICO PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 03/04/2008*

*Informe Intervención: RC 16347*

*Adxudicatario: ANÓNIMO PUBLICIDAD S.L.*

*Importe: 7.426,44 EUROS*

*Expte: 2624/335. CONTRATACIÓN GRUPO ANIMACIÓN “FROITAS E HORTALIZAS” PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 03/04/2008*

*Informe Intervención: RC 16342*

*Adxudicatario: LA FIESTA ESCÉNICA S.L.*

*Importe: 11.252,00 EUROS*

*Expte: 2625/335. CONTRATACIÓN CARROZA E ESPECTÁCULO TEATRAL PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 03/04/2008*

*Informe Intervención: RC 16341*

*Adxudicatario: LA FIESTA ESCÉNICA S.L.*

*Importe: 11.948,00 EUROS*

*Expte: 2626/335. CONTRATACIÓN GRUPOS DE ANIMACIÓN “COCIÑA SA” E “TOMATADA” PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 03/04/2008*

*Informe Intervención: RC 16604*

*Adxudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA - RIVEL*

*Importe: 10.000,00 EUROS*

*Expte: 2637/335. CONTRATACIÓN BANDAS DE MÚSICA PARA A BATALLA DE FLORES.*

*Decreto concelleiro data: 09/04/2008*

*Informe Intervención: RC 17070*

*Adxudicatario: FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO*

*Importe: 1.800,00 EUROS*

*Expte: 2638/335. CONTRATACIÓN CARROZAS E GRUPO DE ANIMACIÓN PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 09/04/2008*

*Informe Intervención: RC 17108*

*Adxudicatario: CONSTRUCCIONES ARTÍSTICAS DEL NOROESTE S.L.*

*Importe: 6.000,00 EUROS*

*Expte: 2640/335. CONTRATACIÓN CHARANGA PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 10/04/2008*

*Informe Intervención: RC 18296*

*Adxudicatario: ASOCIACIÓN MÚSICO CULTURAL CHARANGA AIR JALISIA*

*Importe: 750,00 EUROS*

*Expte: 2645/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN PARA O DÍA DA MUIÑEIRA.*

*Decreto concelleiro data: 11/04/2008*

*Informe Intervención: RC 18015*

*Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.*

*Importe: 4.888,51 EUROS*

*Expte: 2646/335. CONTRATACIÓN GRUPO DE ANIMACIÓN "FLIT" PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 14/04/2008*

*Informe Intervención: RC 18033*

*Adxudicatario: CREACIONES LEAL S.L.*

*Importe: 3.886,00 EUROS*

*Expte: 2619/335. CONTRATACIÓN REPORTAXE FOTOGRÁFICA PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 18/04/2008*

*Informe Intervención: RC 20343*

*Adxudicatario: SONIA DAPONTE*

*Importe: 2.300,00 EUROS*

*Expte: 2631/335. CONTRATACIÓN GRUPO DE ANIMACIÓN "GRAN KALUM" PARA A BATALLA DE FLORES 2008.*

*Decreto concelleiro data: 22/04/2008*

*Informe Intervención: RC 21568*

*Adxudicatario: ONÍRIC PRODUCCIONS*

*Importe: 4.330,00 EUROS*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **3(706).- DAR CONTA DAS SEGUINTES SENTENZAS REMITIDAS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

- a) Sentenza do X. Contencio-Administrativo nº 2 de Vigo, no RC-A p.a. Nº 198/2007. Demandante: D<sup>a</sup> Concepción Pastoriza Agulla. Obxecto: Resolución do Concelleiro de Patrimonio do 20/03/07 que acordou inadmitir a reclamación de responsabilidade patrimonial por extemporaneidade (expte. admto. Nº 1411/243). Desestimado.
- b) Sentenza do X. Contencio-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 268/2007. Demandante: D<sup>a</sup> Susana Fernández Sánchez. Obxecto: Desestimación presunta de responsabilidade patrimonial (expte. Admtvo. Nº 1104/243). Desestimado.
- c) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. nº 131/2007. Demandante: D<sup>a</sup> Celia González Rabuñade. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local do 02/04/07 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admto. Nº 667/243). Desestimado.

- d) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 136/2007. Demandante: D. Jesús Gabarre Borja. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local do 19/03/07 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. Nº 667/243). Desestimado.
- e) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 210/2007. Demandante: D. Josefa Dominguez Collazo. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local do 20/06/07 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. Nº 841/243). Desestimado.
- f) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 316/2007. Demandante: Dª Mercedes Hermida Comesaña. Obxecto: Acordo da X. Goberno Local do 16.07.07 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. Nº 946/243). Desestimado.
- g) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 238/2007. Demandante: Dª María Dolores Alvarez García. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.04.07 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial.(expte. admtvo. Nº 799-243). Desestimado.
- h) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 237/2007. Demandante: D. Serafín Caride Fernández. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. Nº 1230-243). Desestimado.
- i) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. nº 301/2007. Demandante: D. Serafín Caride Fernández. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local de 07.05.07 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial(expte. admtvo. Nº 989-243). Desestimado.
- k) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 324/2007. Demandante: D. Ana María Castro Alfaya. Obxecto: Acordo da Xunta de goberno Local de 07.05.07 desestimatoria de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. Nº 800-243). Desestimado.
- l) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 332/2007. Demandante: D. Miguel Angel Rial Conde. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. nº 1242/243).Desestimado.
- ll) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 408/2007. Demandante: D. Jaime lorenzo González. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local de 23.07.07 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. Nº 13240/240). Desestimado.
- m) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 291/2007. Demandante: D. Irene iglesias Freiría. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. nº 374/243).Desestimado.
- n) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 430/2007. Demandante: D. Lidia Villar Bugarín. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de novem-

bro de 2007 desestimatorio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos (expte. admtvo. Nº 1213-243). Desestimado.

ñ) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 420/2007. Demandante: D. Luis Fernando Giménez Camisón. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos (expte. admtvo. Nº 1504-243). Desestimado.

o) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 279/2007. Demandante: D. José Manuel Cabaleiro Portela. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. admtvo. Nº 1164-243). Desestimado.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **4(707).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 21/1658.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social e responsable do programa, do 30.04.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Francisco Laredo Robles. Expte. 21/1658.

#### **5(708).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ARRANXO DE VENDAS 2008 EN COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 31712/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 7.05.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- “Aprobar o gasto a nome dos solicitantes que se detallan a continuación para a mellora das condicións de habitabilidade das vivendas, ano 2008, en colaboración coa Diputación Provincial de Pontevedra, por un importe de 15.297,50 €, con cargo á partida 3130.780.00.00, ARC 17516.

<u>Expte</u>	<u>Solicitante</u>	<u>DNI</u>	<u>Concepto</u>	<u>Importe</u>
04/578	Mª Teresa Álvarez González	36023387M	Tellado	4.999,00€
11/1521	Elena Fernández Oya	35959357F	Placa, tabiques, tarima, electricidade	10.200,00€
01/1368	Dolores Pérez Alonso	36040288L	calefacción (axuda complementaria)	0,00€

Os destinatarios, requisitos e baremación, serán os estipulados nas bases da Deputación (BOP nº 53, do 14 de marzo de 2008)

2º.- En base o anterior solicítase á Excma Deputación Provincial de Pontevedra o 50€ do gasto total das axudas sinaladas no punto anterior, para o que se tramitará o expediente oportuno.

3º.- Non será preciso a aprobación de bases propias, toda vez que as axudas concederánse de forma directa ó acreditarse razóns de interesa social e económico, segundo se establece no artigo 19.3 c. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.”

**6(709).- FIXACIÓN DO PREXO DE VENDA Ó PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “ANTOLÓXICA DE LUIS TORRAS”. EXPTE. 10905/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 29.04.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Socio-cultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 150 catálogos, dos 700 editados co gallo da exposición “ANTOLÓXICA DE LUIS TORRAS” a un prezo unitario de venda ó público de QUINCE (15) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio do departamento de cultura.

**7(710).- SOLICITUDE DA A.VV. DE SAN XOAN POULO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR DÚAS PROBAS DEPORTIVAS POLAS RÚAS DO BARRIO O DÍA 18.05.08. EXPTE. 7782/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe do director deportivo do IMD, do 30.04.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a A.V.V. DE SAN XOAN POULO, a organizar o vindeiro domingo 18 de maio de 2008, dúas probas deportivas polas rúas do Barrio, unha proba será unha marcha ciclista e outra unha carreira pedestre, ditos eventos comenzarán ás 10.00 horas e rematará ás 13.00 horas.

**8(711).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÁIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO” E O CONCELLO DE VIGO PARA O APOIO Ó MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS DURANTE O ANO 2008. EXPTE. 3343/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.04.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 26.04.08, conformado pola concelleira de Igualdade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2008.

2º. Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 15.000,00€ (quinze mil euros) con cargo á partida presupostaria de nova creación “Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras” 463.2.489.00.04 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

*En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil oito,*

**REÚNESE:**

*Dunha parte, D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos, Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.*

Doutra D<sup>a</sup> Josefa Martínez Alonso, con DNI núm. 35.983.406-K, en representación da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA O APOIO Ó MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS”**

de acordo cos seguintes

#### ANTECEDENTES

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Executando unha das medidas contempladas no “II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres”: “Posta en marcha de puntos de información nos barrios para mulleres vítimas de violencia” no ano 2001 valorouse oportuno crear (e manter ata hoxe) os “Punto Informa” na FV Eduardo Chao de Vigo e no ano 2002 na Asociación de Mulleres Dorna, a través de sendos convenios de colaboración.

Estos servizos foron creados co obxecto de achegar ás mulleres a información de servizos e recursos e de facilitar a detección e a denuncia da violencia.

Ademáis desta estrutura de servizos específicos, dende o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ó movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra os malos tratos. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras nos casos de violencia de xénero e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial .

Os fins da Rede de mediadoras como contemplan os seus estatutos son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas ós órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.



O rexime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e maiolo seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo.

Para plasmar esta colaboración fórmulanse as seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar á “Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo” segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2008, segundo o programa que se incorpora ó convenio como anexo I.

### SEGUNDA.- DESTINATARIAS

As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Rede.

Estas actuacións perseguen combater a violencia hacia as mulleres dun xeito integral e global, tal e como contempla o “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as mulleres”, incidindo nas áreas de apoio e seguemento a vítima para acadar a pronta recuperación.

Para conquistar dito fin, a Rede dota as mulleres de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir as mulleres que sofren violencia de xénero. Especialmente ó colectivo de mulleres da Casa de Acollida, durante a súa estancia na mesma, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas no anexo I, có colectivo de referencia (mulleres da casa de acollida), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Un dos obxectivos perseguidos cos mecanismos de reforzamento e apoio que oferta a “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Casa de Acollida e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS

1.- Non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei 7/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que presentará debidamente cumprimentada e asinada a declaración que se acompaña no Anexo III.

2.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestructura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

3.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

4.- Responsabilizarse de que todas as actividades desenvolvidas contén cos seguros sociais, de responsabilidade civil, etc, cara a súa correcta execución.

A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

5.- Difundir a colaboración da Concellería de Igualdade nos termos descritos no presente convenio e insertar en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo no material escrito e audiovisual que se edite.

6.- A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención como é a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

7.- Todas as actividades desenroladas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

8.- As obrigas da “Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo”, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

#### CUARTA. – COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA

O custo total da realización das actividades e gastos de mantemento que soportará a beneficiaria e que se levarán a cabo durante o ano 2008, segundo o orzamento presentado pola Asociación e que figura como anexo II deste convenio, ascende a un importe total de 56.600,00 euros, dos que o Concello de Vigo comprométese ao pagamento de 15.000,00€ (quinze mil euros) a favor da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” con CIF: G-36928646 para o mantemento e a organización de actividades da entidade durante o ano 2008. A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras.

Estes gastos deberán ser xustificados semestralmente ante a Oficina de Igualdade do Concello de Vigo, mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados á Seguridade Social e/ou a outras entidades aseguradoras.

O Concello de Vigo informará da situación á comisión de seguemento.

#### QUINTA.- XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

- A primeira por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio,
- A segunda por importe de 5.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.
- A terceira por importe de 5.000,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

O Concello de Vigo aportará a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

#### SEXTA.-XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa (relación clasificada de gastos totais da actividade, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe e data de emisión), á que deberá achegar os xustificantes de gasto ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumpri-

mento do obxecto da subvención. Igualmente deberá incorporar unha certificación actualizadas sobre as axudas solicitadas e/ou percibidas polo mesmo obxecto do convenio. A súa presentación se realizará, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións).

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2004 LXS) da factura orixinal indicando na mesma o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención, Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

#### SÉTIMA. – COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A responsable da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.
- A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

#### OITAVA. – PERIODO E GASTO SUBVENCIONABLE

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2008. Serán gastos subvencionables os que se produzan durante todo o exercicio 2008 e se correspondan cos gastos de mantemento e organización de actividades incluídos no orzamento presentado pola Asociación e que se incorporan ao convenio como Anexo II. A vixencia deste convenio abrangue o ano 2008. Neste período deberán estar rematados tódos os trámites a él referidos.

#### NOVENA. – PUBLICIDADE

Toda a publicidade das actividades desta Asociación que teñan relación co obxecto deste convenio deberán realizarse por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo, da Concellería de Igualdade en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice.

A Rede de Mulleres Veciñais en todo acto de difusión nos medios de comunicación deberá informar da colaboración da Concellería de Igualdade nos termos establecidos no presente convenio.

O Concello de Vigo incluírá este servizo entre os especializados en muller que difunda mediante campañas de publicidade.

#### DÉCIMA. – AVALIACIÓN

Na memoria anual e nas visitas de avaliación que se establezan para o “Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres” a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos axustarase ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal; isto sen menos cabo de que se realicen aportacións complementarias que se valoren de interese.

De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental das actividades da Rede e teña interese para a avaliación e xestión municipal.

#### DÉCIMO PRIMEIRA. – CONFIDENCIALIDADE

A Rede de Mulleres Veciñais garantizará o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirtan en anónimos os datos recollidos, fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen como mediadoras .

#### DÉCIMO SEGUNDA. - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.

#### DÉCIMO TERCEIRA .- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia da Xunta de Goberno Local, logo de escoitar á comisión de seguemento.

#### DÉCIMO CUARTA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONS

A Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo declara baixo a súa responsabilidade, a través da presentación cumplimentada e asinada do Anexo III, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe da axuda concedida.

#### DÉCIMO QUINTA.- CLÁUSULA FINAL

En todo aquilo non previsto no presente convenio estarase ao establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención e no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

### **9(712).- MODIFICACIÓN DAS DISPOSICIÓNS COMÚNS ÁS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5739/306.**

Dáse conta do informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo, do 29.05.08, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, do 29.05.08, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

Por decreto da alcaldía de 10 de marzo de 2007, encomendouse ó asinante da presente proposta, con carácter transitorio, a instrución dos expedientes sancionadores en materia medioambiental.

Nas conversas mantidas coa Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente púxose de manifesto a necesidade de efectuar unha serie de modificacións puntuais ó contido das Ordenanzas que se citan, co fin de dispoñer dos elementos disuasorios precisos para acadar os obxectivos de control das infraccións en materia de medio ambiente, toda vez que, na materia de referencia, dende o ano 1994 non se efectuou actualización das sancións en materia medioambiental agás no caso da contaminación acústica.

Por elo, pola Sra. Concelleira foi encomendada a redacción de proposta de modificación puntual das citadas Ordenanzas neste senso.

#### **XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA**

**PRIMEIRO.-** A potestade sancionadora da Administración, cecáis a máis pública de tódalas súas potestades, onde ésta desenvolve a actividade máis próxima á xurisdiccional, ten coma evidente fin a represión dos ilícitos e non o incremento da recadación. Anticípase este comentario ó fin de que, dende un principio quede claro que, nembargantes o incremento das contías das sancións que se propoñen para a modificación das Ordenanzas reguladoras que se citarán, non é o fin recadatorio o que move á modificación.

Previamente á fundamentación xurídica que xustificará a legalidade das modificacións que se propoñen, sí que convén facer certas reflexións partindo de considerar a Administración e a súa laboura dende unha perspectiva económica máis que xurídica có fin de xustificar a oportuidade da medida. Dende ésta, a clave atópase na rela-

*ción entre os medios (humanos, técnicos e financeiros) de que dispón a Administración e os usos dos mesmos, alternativos e cada día máis diversos, no actual contexto da cecáis en crise Economía do Bienestar e das actúais tendencias da Gobernanza que establecen entre Administración e administrado unha relación máis de cliente que de suxeición.*

*É por elo que, ó meu entender, calqueira actuación que se pretenda acometer debe partir dun necesario estudo sobor da idoneidade dos métodos a empregar e, sobor de todo, das posibilidades de incrementar a eficacia dos procedementos a fin de que absorban a menor cantidade posible dos escasos recursos e éstes poidan ser destinados ós usos alternativos que asimesmo demanda a sociedade cada vez con maior intensidade. A situación ideal se dará cando os mecanismos de control sexan percibidos coma dunha eficacia tal que o potencial infractor perciba a ineconomicidade do feito de transgredir a norma. Resumindo, a mellor inspección, sexa cal sexa o seu ámbito, é aquela que non “atopa” traballo.*

*Ainda que manida, a expresión “quen contamina, paga” non debe ser a cabeceira da actuación: evidentemente, quen contamina debe pagar, pero a actuación administrativa debe guiarse polo obxectivo de que o potencial infractor sexa consciente da ineconomicidade de infrinxir as normas.*

*Ainda que referido ó ámbito tributario, é totalmente extrapolable ó aquí indicado o clásico estudo de Allingham e Sandmo do ano 1972 “Income tax evasion: a theoretical analysis”. Neste modelo, establécese que os consumidores son racionais e escollerán de xeito óptimo unha porción do seu ingreso (antes de impostos) que non declararán ante o administrador fiscal. Os resultados enfócanse a estudar os efectos das sancións, os trocos nas taxas impositivas e na aversión ó risco dos contribuintes. Coma non podía ser doutro xeito, establécese a existencia dunha relación inversa entre nivel de fraude e contía das sancións por unha banda e, por outra, a mesma relación inversa cós Recursos Destiñados a Detectar a Evasión (RDDE).*

*Sobor do modelo anteriormente descrito, Lara Pulido (2007) en “Recaudador vs contribuyente: el juego de la evasión fiscal”, incorpora os postulados da Teoría de Xogos de Nash na interacción estratéxica entre o contribuinte e o administrador fiscal; mediante as mellores respostas dos xogadores, determina a existencia e unicidade do equilibrio de Nash e conclúe que a evasión diminúe cando existen maiores sancións, disciplina fiscal e esforzos para mellorar a eficacia dos métodos.*

*Así pois, e tendo en conta que medidas coma o peche das actividades ou revogación das licenzas incrementan a complexidade e diminúen a eficacia do procedemento, éstas deben ser medidas excepciónais e complementarias no procedemento (ou incluso, parte da progresividade do procedemento sancionador), que debe basearse principalmente en reprimir os ilícitos en base á imposición de sancións económicas coñecidas a priori polos potenciais infractores a fin de lograr a disuación do maior número posible deles. Elo completárase con procedementos sancionadores levados ata o final, de xeito que non caiba dúbida que calquera conducta antixurídica será obxecto da correspondente sanción, e prestando toda a adicación a evitar que as mesmas sexan malogradas por vicios propios do procedemento, para o cal se procederá a uniformar os procedementos e a establecer un rigoroso control de prazos.*

*Coa combinación dos instrumentos de que dispón o xogador “Administración” (sancións monetarias, multas coercitivas, execucións subsidiarias, sancións non monetarias e medidas cautelares) podemos entender que o equilibrio de Nash deberá situarse para o xogador “potencial infractor” nun punto moi próximo á ausencia de infracción, sempre que, claro está, os procedementos actúen coa eficacia axeitada e non sexan anulados por vicios intrínsecos dos mesmos.*

*SEGUNDO.- Por outra banda, aínda que poida parecer innovadora, a incorporación dos maiores importes das sancións é, na maioría dos supostos, superflua.*

*Elo e así porque, ó entender do asinante, nos supostos principáais que son incorporados ás Ordenanzas, existe unha clara prevalencia da normativa sectorial estatal e autonómica sobor da tipificación contida nas Ordenanzas. Compre ter en conta, coma primeiro aspecto, que as obrigas medioambientais veñen impostas normalmente por Directivas Comunitarias e que as irrisorias e non disuasorias sancións que conteñen as vixentes Ordenanzas poderían considerarse contrarias ó referido Ordenamento, ó ser implícitamente derogadas pola entrada en vigor das normas que incorporan o acervo comunitario ó noso Ordenamento. Inclusive as referidas normas secto-*

riais, conscientes da necesidade de ser inflexible nos asuntos mediambientais, incorporan cláusulas de concorrencia de sancións facendo prevalecer a máis onerosa delas (así, o artigo 34 da Lei 34/2007, de calidade do aire e protección da atmósfera, establece que “Cuando por unos mismos hechos y fundamentos jurídicos, el infractor pudiese ser sancionado con arreglo a esta Ley y a otra u otras leyes que fueran de aplicación, de las posibles sanciones se le impondrá la de mayor gravedad”).

Así pois, aínda que se incorpora ó texto das Ordenanzas expresamente a referencia á incorporación de determinadas normas, engádese unha norma residual no artigo 16bis.3 das Disposicións Comúns ás Ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, aclaratoria máis que necesaria segundo o anteriormente dito.

Por outra banda, nas Ordenanzas específicas defínese coma grave a resistencia á actuación inspectora e incrementáanse as contías das sancións pola comisión de infraccións ós preceptos das Ordenanzas en aplicación da modificación que, ó fin de paliar a insuficiencia endémica da potestade sancionadora das Entidades Locais, efectuou a Lei 57/2003, o engadir un artigo 141 á Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra banda, nos casos en que a Lei así o prevé, régulase a imposición das multas coercitivas correspondentes, independentes das sancións, para obligar ós infractores a repoñer a legalidade. Todo elo sin esquecer que, en todo caso, a Administración pode optar pola execución subsidiaria das medidas que teña acordado a costa dos mesmos.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a protección do medio ambiente e da salubridade pública (Art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e Art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i] LALGA).

2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

4. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).

5. A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

6. De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- Aprobación inicial polo Pleno.
- Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.

- Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

7. Conforme co previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a ordenanza deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa.

Vistos a xustificación e os fundamentos de dereito que preceden, propónse á Xunta de Goberno Local, para a súa remisión ó Pleno, a aprobación do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Engadir un artigo 16bis ás Disposicións Comúns ás Ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, aprobadas definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994), que terá o seguinte literal:

“Artigo 16bis

1. A determinación das infraccións, sancións e competencia nas materias ás que se refiren as Ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo será a establecida pola normativa sectorial de aplicación e, supletoriamente, polas referidas Ordenanzas.

2. En concreto, será de aplicación preferente ó réxime sancionador establecido polas Ordenanzas:

a) En materia de contaminación atmosférica, a Lei Estatal 34/2007, de 16 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera e a Lei Autonómica 8/2002, de 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, así coma as normas dictadas no seu desenvolvemento

b) En materia de residuos sólidos urbanos, a Lei Estatal 10/1998, de 21 de abril, pola que se dictan Normas reguladoras en materia de residuos e a Lei Autonómica 10/1997, de 22 de agosto, pola que se regula a xestión dos reidups sólidos urbanos así coma as normas dictadas no seu desenvolvemento

3. Calqueira outra norma estatal ou autonómica que conteña tipificación de infraccións e sancións na materia regulada polas Ordenanzas municipais e estableza a competencia municipal nas mesmas será de aplicación preferente ó contido das mesmas tanto na tipificación das infraccións coma na contía das sancións.

4. Salvo especificación contraria, no caso de sancións establecidas por intervalos, e en ausencia de agravantes ou atenuantes, as sancións previstas na normativa de aplicación serán impostas no grao medio do intervalo.

5. Cando polos mesmos feitos e fundamentos xurídicos o infractor poidera ser sancionado con arreglo a varias Leis de aplicación, das posibles sancións lle será imposta a de maior gravidade

**SEGUNDO.-** Modificar os artigos 70 e 74 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente Atmosférico, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 70

1. Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conducta, en relación coas materias que as mesmas regulan.

2. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves segundo establecen éste e os artigos seguintes.

3. A resistencia, obstrucción, excusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.

4. Calqueira acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.

5.As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo elo sin prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen éste designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 74

Sin prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás Ordenanzas Municipáis de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

- a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.
- b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.”

TERCEIRO.- Modificar o artigo 32 e engadir un artigo 32bis á Ordenanza Municipal reguladora dos Vertidos Non Domésticos de Augas Residuáis, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 32

- 1.Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conducta, en relación coas materias que as mesmas regulan.
- 2.As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves segundo establecen éste e os artigos seguintes.
- 3.A resistencia, obstrucción, excusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.
- 4.Calqueira acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.
- 5.As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo elo sin prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen éste designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 32bis

Sin prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás Ordenanzas Municipáis de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

- a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.
- b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo”

CUARTO.- Modificar os artigos 48, 49 e 51 da Ordenanza Municipal de Limpeza Pública e Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 48

- 1.Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conducta, en relación coas materias que as mesmas regulan.
- 2.As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves segundo establecen éste e os artigos seguintes.
- 3.A resistencia, obstrucción, excusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.



4. Calqueira acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.

5. As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo elo sin prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen éste designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 49

O abandono ou eliminación de vehículos que segundo a normativa de aplicación teñan a consideración de residuos sólidos urbanos, constituirá infracción grave e sancionaráse con multa de 3.000€.”

“Artigo 51

Sin prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás Ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.

b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.

c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.”

QUINTO.- Modificar o artigo 33 e egadir un artigo 33bis á Ordenanza Municipal reguladora da Instalación de Contenedores na Vía Pública, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 33

1. Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conducta, en relación coas materias que as mesmas regulan.

2. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves segundo establecen éste e os artigos seguintes.

3. A resistencia, obstrución, excusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.

4. Calqueira acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.

5. As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo elo sin prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen éste designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 33bis

Sin prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás Ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.

b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.

c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo”

SEXTO.- Modificar os artigos 27 e 31 da Ordenanza Municipal de Zonas Naturais e Espacios Verdes, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 27

1. Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conducta, en relación coas materias que as mesmas regulan.
2. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves conforme ás determinacións que para foco contaminador establecen éste e os artigos seguintes.
3. A resistencia, obstrucción, excusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.
4. Calqueira acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.
5. As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o establece, coa imposición de multas coercitivas. Todo elo sin prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen éste designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

#### “Artigo 31

Sin prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás Ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

- a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.
- b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo”

SÉTIMO.- Entrada en vigor: Os artigos engadidos ou modificados nas Ordenanzas mencionadas entrarán en vigor unha vez se teña publicado íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e teña transcurrido o prazo establecido no artigo 70.2, en relación có artigo 65.2, da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(713).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE E TRANSPORTES DE 28.04.08 SOBRE NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA DE PROTECCIÓN CIVIL 2008. EXPTE. 74714/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución co concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, que di o seguinte:

“1.- En data 29.03.2005 a Xunta Directiva da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil presentaba a súa dimisión. Por Decreto do Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade de 04.04.2005 nomeábase unha Comisión Xestora Provisional.

2.- Considerando o escrito presentado en data 16.11.2007 polo Sr. Coordinador de Protección Civil, Don Alberto Rodríguez Rey, solicitando a elección dunha nova Xunta Directiva, por Decreto do Concelleiro-Delegado da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade de 19.11.2007, ordenouse á Comisión Xestora Provisional iniciar o proceso electoral para designar nova Xunta Directiva.

3.- O proceso electoral observou os trámites establecidos no Regulamento Municipal da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (AVPC), aprobado por acordo plenario de 01.08.1986:

- Constitución da Xunta Electoral ao abeiro do disposto no art 13 do Regulamento Municipal,

- Exposición pública do listado dos membros integrantes (voluntarios) da AVPC no tablón de anuncios da AVPC, así como no tablón de edictos municipal e prensa da localidade, con prazo para presentación de reclamacións,
- Resolución das reclamacións presentadas e presentación de candidaturas (prazo de presentación de candidaturas do 31.03.2008 ao 07.04.2008).

4.- Con rexistro de entrada 01.04.2008, doc nº 80039137, se presenta la única candidatura participante, formada por Don J.Raul Epifanio Lemos, Dona Mercedes Ballesteros Álvarez e Don José Estévez Seoane.

5.- Con data 27.04.2008, das 10:30 horas ás 19 horas, celébranse as eleccións. A mesa electoral está composta por: Presidenta: Dª Ana M. Cardoso Alfonso; Secretario: D. Alberto Rodríguez Rey; Vocais: Dª Alicia De Castro García e D. Marcos Vega Ariza. Os integrantes da mesa electoral confeccionan acta, que se integra ao expediente administrativo, plasmándose o seguinte resultado: Dos 41 votos emitidos, 30 foron válidos, 7 en branco e 4 nulos.

Vistos os feitos e fundamentos expostos ,

RESOLVO:

*PRIMEIRO:* Ratificar a proposta da Xunta Electoral, consignada na acta de 27.04.2008, e nomear como com-  
poñentes da Xunta Directiva a:

- Don Jesús Raul Epifanio Lemos, que ostentará o cargo de Presidente.
- Dona Mercedes Ballesteros Álvarez, que ostentará o cargo de Secretaria.
- Don José Estévez Seoane, que ostentará o cargo de Tesoreiro.

*SEGUNDO:* Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que esta celebre, así como á Xefatura da Policía Local e ao Sr. Coordinador de Protección Civil.

Así o dispuxo o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade, en virtude da delegación de competencias efectuada na resolución da Alcaldía de 05 de xullo de 2007 perante o Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, que da fe da precedente resolución, en Vigo a 28 de abril de 2008.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**11(714).- ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA DO DEPÓSITO MUNICIPAL DA AVDA. DE MADRID. EXPTE. 2291/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do 24.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 84 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprilas seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionalos bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prazo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

**12(715).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a EQUIPOS ELÉCTRICOS DE REDONDELA a fianza por importe de 1.200 € constituída para responder da subministración de equipos informáticos para a Admón. de Tributos xa que foron recibidos mediante acta de xuño de 2008 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2209/241.

B) Devolver a PROFINSA :

- A garantía por importe de 1280 € constituída para responder da subministración de consumibles reciclados xa que foron recibidos mediante acta de 2003 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2288/241.
- A garantía por importe de 1.597,72 € constituída para responder da subministración de consumibles informáticos 2006 xa que foron recibidos mediante acta de 2006 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2289/241.
- A garantía por importe de 2.400,00 € constituída para responder da subministración de consumibles informáticos 2005 xa que foron recibidos mediante acta de 2005 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**13(716).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN CASTELLANOS RIVERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.559/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 30.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. María Concepción Castellanos Rivera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de abril de 2005, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 8 de abril do mesmo ano cando camiñaba pola rúa Vía Norte, á altura do número 40 por mor dunha lousa existente na beirarrúa.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/11/2006.*
- *Informe da Policía Local, de data 12/12/2006.*

- *Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 29/11/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 03/12/2007, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Castellanos, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa.*

*Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Castellanos procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre este dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois estima que a causa da súa caída foi a existencia dunha lousa rota na beirarrúa.*

*No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente, resultando que na Xefatura da Policía Local non teñen noticia do presunto accidente. A Sra. Castellanos durante o período de proba tampouco aportou outras testemuñas presenciais dos feitos que podan corroborar o seu relato fáctico. Como medios de proba limitábase a achegar ó expediente diversos informes médicos e facturas de asistencia sanitaria. Á vista destes datos, a informante conclúe que se ben non existe dúbida de que a Sra. Castellanos sufriu determinados danos, tras a proba practicada durante a instrución do expediente non é posible determinar que estos se debesen a existencia dunha lousa rota na beirarrúa, tal e como afirma a reclamante, e non a calquera outra causa, non resultando posible vinculala ó funcionamento anormal do servizo viario municipal. Non existe, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público de esta Administración.*

*Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

*En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. María Concepción Castellanos Rivera en data 11 de abril de 2005 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(717).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. VIVIANA MARIAL CLOSI DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1352/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 24.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Viviana Mariel Closi presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de decembro de 2006, no que expón que o día 7 de decembro de 2006, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula Po 1257 AZ , pola estrada Zoo-Madroa de Vigo e tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha existente con auga na calzada, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 7.12.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos lles require don Claudio Fabián Colloca, que lles manifesta o accidente que tivera ó pasar polo charco existente quedando o seu vehículo inmovilizado e á espera dunha grúa; significando que unha hora antes tras un incidente similar a dotación Lince 20-21 deixou a zona sinalizada manifestando o condutor que non a vira.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de da 23.5.2007 sobre a factura de reparación.*
- *Informe do Inventario municipal de 8.1.2008 sobre a titularidade do vial onde tiveron lugar os feitos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante que fai alegacións o 4.2.2008*
- *Informe da Policía local de 11.4.2008.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de*

manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. Non obstante, e de conformidade cos ditames número 45/1997, 135/2006 e outros do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza; é o que o Consello Consultivo chama o “deber de condución dirixida”.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Deste xeito, e de conformidade co parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar con posterioridade ós feitos resulta que:

- Se ben a reclamante afirma en todo momento ó longo do expediente que era ela quen circulaba co seu vehículo cando tiveron lugar os feitos, resulta que o condutor deste era outra persoa, perfectamente identificada polos axentes actuantes, sen que conste siquera a presenza no lugar da propietaria do vehículo.
- O cabo C-120 da policía Local significa que unha hora antes, a dotación Lince 20-21 interviño no mesmo lugar e polo mesmo motivo, deixando a zona sinalizada, en concreto co sinal de dirección prohibida na rotonda dirección protectora e na dirección contraria, e dicir, dende a protectora, sinal de estrada cortada. Tamén, que no intre da chegada ó punto dos axentes actuantes a sinalización estaba perfectamente colocada e visíbel manifestando o condutor que non a vera.

Cuarto.- Respecto á relación causal dos danos polos que se reclama co funcionamento dun servizo público, e de conformidade coa doutrina do Consello Consultivo mencionada, non se pode invocar o principio de confianza cando as condicións obxectivas na vía, neste caso as sinais na calzada, aperciben a un usuario minimamente dilixente sobre a presenza dun risco na calzada. E isto é así por canto se ben a administración ten a obriga de que a seguridade dos viais esté garantida, dita obriga pasa porque advertida unha situación de risco se sinala esta cos medios adecuados. E neste caso e de acordo co parte de servizo da Policía Local mencionado resulta que o funcionamento do servizo público municipal foi o correcto e adecuado, sinalizando convenientemente o lugar para impedir a circulación polo mesmo, e polo tanto os danos no automóbil resulta claro que soamente ten a súa causa nunha imprudencia ou distracción do propio condutor.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Viviana Mariel Closi polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula PO 1257 AZ, por un accidente ocorrido na estrada do Zoo-Madroa o día 7 de decembro de 2006, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(718).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CAROLINA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1521/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral,

do 28.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. Carolina Fernández González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de marzo de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 19 de marzo do mesmo ano cando circulaba pola rúa José Antela Conde, por mor do mal estado do pavimento da beirarrúa.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do Servizo da Policía Local, de data 19/03/2007.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 24/04/2007.*
- *Práctica de proba testifical, en data 21/05/2007.*
- *Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 24/08/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 17/09/2007, e non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano residenciado no patrimonio da Sra. Fernández, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa. Os problemas xorden á hora da súa cuantificación económica debido á existencia de contradicións entre o parte de asistencia elaborado polo 061 con ocasión da intervención para socorrerla no momento da caída e un posterior informe médico de data 16/04/2007. No parte do 061 unicamente se refiren como lesións “traumatismo leve en la frente y en el labio inferior”. En cambio, no informe do seu médico de familia, datado case un mes despois da data do accidente non se fai relación a estas lesións nin a súa evolución*



e se lle diagnosticada “dolor lumbar e pinzamento discal”. Solicitado ditame médico á Asesoría médica do Concello, no mesmo o Dr. Guillén manifesta que na súa opinión é dubidoso que o pinzamento discal se deba á caída. Por outra banda, hai que resaltar que tras a asistencia polo 061 no momento do accidente hasta a posterior visita ó seu médico de cabeceira non consta que a Sra. Fernández tivese necesitado coidados médicos ou necesitado ningún tratamento médico ou farmacolóxico. A Sra. Fernández, ademais de reclamar por estes danos persoais, tamén reclama, como dano material, o importe de reparación duns anteollos que supostamente danou con ocasión do accidente obxecto do presente expediente, no entanto, as testemuñas presenciais da caída non teñen noticia desta rotura que tampouco consta no parte policial. Á vista destes datos, a informante conclúe que de ser estimada a reclamación procedería so indemnizar á reclamante polas lesións que constan no parte do 061 segundo o tempo de sanidade que se considera normal para este tipo de lesións e non procedería indemnizar o importe dos anteollos, pois non foi probado que se rompesen con motivo do accidente.

Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Fernández vamos a examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois a causa da súa caída estima que foi o mal estado do pavimento da calzada, circunstancia esta corroborada tanto na proba testemuñal como polo Servizo de Vías e Obras municipal.

A doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexo de causalidade tanto a intencionalidade da vítima como a negligencia desta na produción do dano sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª). A carga da proba destas circunstancias correspondería, no seu caso á Administración. No suposto que nos ocupa, segundo as testemuñas presenciais da caída a zona en mal estado era perfectamente visible, o que esixe unha maior precaución á hora de circular pola mesma. Neste senso, a testemuña nº 2, ó ser preguntada polo instrutor sobre a existencia de defectos na rúa e a distancia á que podían ser apreciados resposta “Faltaban cuatro o cinco baldosas. Podía verse a uns dos o tres metros. Tamén corrobora este dato o feito de que polo lugar transitan centos de persoas diariamente sen problemas, do que se deduce que o defecto non é de difícil percepción para os administrados, do contrario os accidentes serían frecuentes ó ser un lugar de moito tránsito. Así, nin o servizo de vías e obras nin unha das testemuñas presenciais, que traballa na cafetería situada no tramo de beirarrúa rota, teñen noticia doutras caídas no mesmo lugar. Tampouco no Departamento de Patrimonio se ten constancia doutras reclamacións polos mesmos feitos. Esta ostensibilidade no tocante a presenza de fochas na calzada e a dilixencia que normalmente hai que manter ó transitar polos lugares públicos fan supor a informante que a Sra. Fernández non controlou adecuadamente o seu propio deambular, circunstancia que propiciou a súa caída. Trátase polo tanto dun accidente, dun feito fortuito e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración, que a priori nos leva a concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal. É doutrina xurisprudencial reiterada que o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración teña que responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para ilo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención de terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso (STS Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6, de 30 outubro 2006).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Carolina Fernández González en data 27 de marzo de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(719).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA RIVERO COUCEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1559/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

#### *Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. María Teresa Rivero Couceiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de abril de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 18 de abril do mesmo ano cando camiñaba pola rúa Chao, á altura do número 6 e tropezou cunha pedra existente na beirarrúa.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 18/04/2007.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 25/05/2007.*
- *Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 31/08/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 08/10/2007, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Rivero, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa.*

*Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Rivero procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre este dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois estima que a causa da súa caída foi a existencia dunha pedra na beirarrúa, dato este que se aprecia nas fotografías achegadas pola Sra. Rivero ó expediente.*

*No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente, resultando que ós axentes da Policía Local acuden ó lugar dos feitos á instancia da Sra. Rivero unha vez que o accidente xa tiña acaecido e non foron testemuñas presenciais do mesmo, limitáronse a recoller as manifestacións da reclamante sobre os feitos e a constatar que se tiña danado o pe e estaba a espera dunha ambulancia que a trasladara a un centro médico para ser asistida desta lesión. Dado que os axentes non foron testemuñas presenciais so poden dar fe da realidade das lesións máis non da causa da mesma. Á vista destes datos, a informante conclúe que se ben non existe dúbida da caída da Sra. Rivero, tras a proba practicada durante a instrución do expediente non é posible determinar que a mesma se debese a existencia dunha pedra na beirarrúa, tal e como afirma a reclamante, e non a calquera outra causa, non resultando posible vinculala ó funcionamento anormal do servizo viario municipal. Non existe, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público de esta Administración.*

*Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

*En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. María Teresa Rivero Couceiro en data 20 de abril de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(720).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. JULIA SALGADO LOSADA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1493/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE ).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

#### Antecedentes:

D<sup>a</sup>. Julia Salgado Losada presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de marzo de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 2 de decembro de 2006 cando camiñaba pola rúa Álvaro Cunqueiro, á altura do número 11, ó tropezar cunhas lousas soltas na beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 02/12/2006.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/04/2007.
- Práctica de proba testifical, en data 20/06/2007.
- Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 24/08/2007.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 01/10/2007.

#### Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Salgado, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida

en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, pois a causa da caída foi a existencia dunhas lousas rotas na beirarrúa na rúa Álvaro Cunqueiro, circunstancia esta corroborada tanto no parte policial como polo Servizo de Vías e Obras municipal.

A doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexos de causalidade tanto a intencionalidade da vítima como a negligencia desta na produción do dano sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª). A carga da proba destas circunstancias correspondería, no seu caso á Administración. No suposto que nos ocupa, foi probado cumpridamente no expediente que a zona en mal estado era perfectamente visible, o que esixe unha maior precaución á hora de circular pola mesma. Este dato, que se desprende dos informes dos servizos municipais, foi corroborado na proba testemuñal practicada polas testemuñas presenciais dos feitos. Neste senso a testemuña nº 1 ó ser preguntada polo instrutor sobre a existencia de defectos na rúa e a que distancia poden apreciarse resposta “las baldosas levantadas, se ve bien”. Tamén corrobora este dato o feito de que polo lugar transitan centos de persoas diariamente sen problemas, do que se deduce que o defecto non é de difícil percepción para os administrados, do contrario os accidentes serían frecuentes ó ser un lugar de moito tránsito. Así, nin o servizo de vías e obras nin as testemuñas presenciais teñen noticia doutras caídas no mesmo lugar. Tampouco no Departamento de Patrimonio se ten constancia doutras reclamacións polos mesmos feitos. Esta ostensibilidade no tocante a presenza das lousas rotas e a dilixencia que normalmente hai que manter ó transitar polos lugares públicos fan supor a informante que a Sra. Salgado non controlou adecuadamente o seu propio deambular, circunstancia que propiciou a súa caída. Trátase polo tanto dun despiste, dun feito fortuíto e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración, que a priori nos leva a concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal. É doutrina xurisprudencial reiterada que o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración teña que responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para ilo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención de terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso (STS Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6, de 30 outubro 2006). Sen embargo, no presente caso hai que ter en conta un dato obxectivo que poido influír na produción do resultado danoso: a idade da vítima, 89 anos. Non é difícil supor que a avanzada idade da Sra. Salgado implica unha maior dificultade para a percepción dos obstáculos que no caso dunha persoa xove, polo que a informante estima que procede apreciar unha concorrencia de culpas da Administración na produción dos danos, porcentaxe que se fixa nun 30 %.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración un 30 % da responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Salgado, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A asesoría médica deste Concello a cuantifica en 20.626 €. Esta cantidade se desglosa nos seguintes conceptos: a indemnización correspondente o período de incapacidade temporal e as secuelas, apartado no que inclúe as seguintes: prótese parcial e prexuízo estético. Sen embargo, no informe médico de alta da Sra. Salgado, elaborado polo Dr. Bacci Isaza se sinala unicamente como secuela a prótese parcial de cadeira, polo que a informante estima que non procede apreciar a secuela de prexuízo estético establecida polo Dr. Guillén no seu ditame, secuela, por outra banda, de difícil xustificación dada a idade da vítima. A reclamante, pola súa parte, en trámite de audiencia, tamén sinala como secuela, ademais da de prótese parcial a de artrose postraumática, que dado que tampouco é recollida no informe elaborado polo seu médico ó alta, tampouco procede recoñecer. Rebaixando da valoración de danos fixada polo Dr. Guillén os puntos correspondentes a secuela de prexuízo estético, resultaría un importe 19.364,22 €. A indemnización que corresponde aboar a Sra. Salgado, o 30% desta cantidade, é de 5.809,27 €.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª Julia Salgado Losada, en data 12 de marzo de 2007, por existir unha concorrencia de culpas entre a reclamante e ó Excmo. Concello de Vigo, indemnizándoa coa cantidade de 5.809,27 € en concepto de danos e perdas”.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(721).- RECLAMACIÓN DE MAPFRE AUTOMÓVILES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1471/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### *Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE ).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

#### *Antecedentes:*

A mutualidade MAPFRE AUTOMÓVILES, en nome e representación de D. Victoriano Manuel Prada Sánchez, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de febreiro de 2007, polos danos e perdas sufridos a consecuencia dun accidente de circulación acaecido en data 18 de decembro de 2006, cando D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Domínguez Pombo circulaba co vehículo da súa propiedade matrícula 6498 FFW pola rúa Maestro Soutullo e colisionou cun pivote existente na calzada.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, de data 18/12/2006.*
- *Informe do servizo de Vías e obras, de data 10/04/2007.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 13/09/2007.*
- *Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, en data 19/09/2007, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Do exame do expediente, en particular do parte policial elaborado con ocasión do accidente, se deduce a realidade do dano, o cal pode ser residenciado no patrimonio do Sr. Prada e da factura de reparación do vehículo achegada ó expediente a súa cuantificación económica. Procede examinar agora a existencia ou non de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, pois a causa da colisión foi a existencia dun pivote na calzada na rúa Maestro Soutullo, circunstancia corroborada polo Servizo de Vías e Obras municipal.

No caso que nos ocupa, a Policía Local no seu informe sinala como factores concorrentes na produción do accidente a presenza deste pivote na calzada e a defectuosa iluminación da rúa. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos polo Sr. Prada e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Prada, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente unha factura de reparación dos danos do seu vehículo emitida polo taller de chapistería e pintura Luis Fernández Suárez por un importe de 823, 95 €, importe que o Servizo de Parque Móbil do Concello estima correcto, resultando procedente, en consecuencia, o seu aboamento.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por MAPFRE AUTOMÓVILES, en nome e representación de D. Victoriano Manuel Prada Sánchez, en data 28 de febreiro de 2007, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizándoo coa cantidade de 823, 95 € en concepto de danos e perdas”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(722).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> CARMEN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. RECTIFICACIÓN DE ERROS. EXPTE. 818/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 25.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Á vista do escrito de dona Maria del Carmen Rodriguez Iglesias, de entrada no Rexistro xeral deste Concello o 16 de abril de 2008, no que manifesta que na resolución da Xunta de Goberno Local de data 17 de marzo de 2008, que estimou o recurso de reposición presentado contra a resolución de 10 de xullo do pasado ano, hai un erro manifesto no seu antecedente primeiro na ubicación do lugar onde a dicente caeu, e solicita se dicte nova resolución co antecedente primeiro corrixido,

Constatado que no Antecedente Primeiro da resolución da Xunta de Goberno Local de data 17 de marzo de 2008, de resolución do recurso de reposición interposto por dona Maria del Carmen Rodríguez Iglesias contra a resolución de data 4 de xuño de 2007, no expediente 818/243 hai un erro material, por canto onde di “ que des-

*estimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída nos xardíns diante da estación do ferrocarril de Vigo” debería dicir “ que estimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída no Paseo do río Lagares entre a zona Franca e Samil”,*

*De acordo co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que di que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,*

*Procede polo tanto rectificar os erros materiais padecidos no Antecedente Primeiro da resolución da Xunta de Goberno Local de data 17 de marzo de 2008, que estimou o recurso de reposición interposto por dona Maria del Carmen Rodríguez Iglesias no expediente núm. 818/243, e manter o resto da resolución que se rectifica nos seus propios termos.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:*

*Rectificar os erros materiais padecidos no Antecedente primeiro da resolución da Xunta de Goberno Local de data 17 de marzo de 2008, que estimou o recurso de reposición interposto por dona Maria del Carmen Rodríguez Iglesias no expediente núm. 818/243, e manter o resto da resolución que se rectifica nos seus propios termos, quedando dito Antecedente Primeiro do seguinte teor literal: “ANTECEDENTES Primeiro- Dona Maria del Carmen Rodriguez Iglesias presenta o 24 de xullo de 2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que estimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída no Paseo do Río Lagares entre a Zona Franca e Samil, e que lle foi notificada en data 28 de xuño de 2007”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(723).- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DAS GRATIFICACIÓNS POR HORAS ESTRUCTURAIAS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE.18222/220.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

#### **21(724).- ABOAMENTO DE RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS A POLICÍA NOMADOS EN PRÁCTICAS POLA X.GOVERNO LOCAL NA SÚA SESIÓN DO 22.10.07. EXPTE. 18217/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 7.05.08, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 30.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aboar ós gardas da Policía Local en prácticas, que figuran no acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2007, D. Ismael Rodríguez Montero, D.N.I. 53.182.85-R, D. José Matias Comesaña Barreiro, D.N.I. 36.175.545-H, D. Ezequiel Otero Villar, D.N.I. 53.180.858-M, D<sup>a</sup>. Patricia Ubeira Grosio, D.N.I. 36.158.679-B, D. Abel Bueno Alonso, DNI 53.182.274-R, D<sup>a</sup> Aida Villar Silva, D.N.I. 53.177.856-Q, D. Manuel Vas Costa, D.N.I. 36.170.723-A, D. Unay Iglesias Rodríguez, D.N.I. 53.190.786-C, D. Fernando Otero Penela, D.N.I. 44.075.007-S, D. Braulio Gutiérrez Giménez, D.N.I. 76.896.562-H, D<sup>a</sup>. Jara María Vera Armada, D.N.I. 36.130.993-V, D. Xosé Antón Pérez Barreira, D.N.I. 53.174.609-N, D. Serafín Novas Martínez, D.N.I. 73.241.318-A, D. Ricardo Soto Rodríguez, D.N.I. 77.003.831-S, D<sup>a</sup>. María Alvarez Pena, D.N.I.53.172.249-K, D<sup>a</sup>. Tania Fernández Lemos, D.N.I. 36.021.620-M, D. Antonio Guedella Fernández, D.N.I. 53.173.507-Z, D. Jesús Marco González Castillo, D.N.I. 53.177.172-E, D. Rubén Iglesias Meleiro, D.N.I. 36.136.940-F, D. Enrique García Rodríguez, D.N.I. 36.131.925-Y, D. Joaquín Blanco Pérez, D.N.I.



36.131.502-C, D<sup>a</sup> Celina Agahwa Martínez, D.N.I. 36.174.101-T, D. José Toucedo Alonso, D.N.I. 76.997.538-R, D. Diego Costal González, D.N.I. 36.121.128-L, D. José María Tella Doval, D.N.I. 33.350.085-Q, e D. Juan Castro Delgado, D.N.I. 36.145.345-V, as retribucións complementarias correspondentes ó posto de traballo núm. 134, Garda da Policía Local, con efectos do 26 de abril de 2008 e mantelas ata o 10 de xullo do presente ano, en tanto os/as interesados/as desenvolvan as súas prácticas no posto de traballo de policía.

**22(725).- PROPOSTA PARA A INUTILIZACIÓN DE ARMAS DEPOSITADAS NO SERVIZO DE INTERVENCIÓN DE ARMAS DA GARDA CIVIL. EXPTE. 33700/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente-xefe da Policía Local, do 17.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desafectar do servizo público de Policía Local as 143 armas de fogo relacionadas nos anexos I e II.

2º.- Autorizar ao Servizo de Intervención de Armas da Guardia Civil de Vigo para que proceda á destrución das 130 armas de fogo relacionadas non anexo I. Este servizo non terá coste algún para esta administración local.

3º.- Conservar como bens patrimoniais as 13 armas de fogo relacionadas non anexo II, previa a súa inutilización por armeiro autorizado coa correspondente certificación emitida para ese efecto polo Servizo de Intervención de Armas da Garda Civil.

4º.- Autorizar ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade para levar a cabo as actuacións necesarias para a inutilización das 13 armas de fogo relacionadas no citado anexo II.

5º.- Unha vez practicada a inutilización, deberase dar conta a esta Xunta de Goberno Local, elevando á mesma a correspondente proposta sobre o destino efectivo dos bens así conservados.

ANEXO I.- Relación de armas depositadas para su total “destrucción” en Intervención Garda Civil de Vigo.

ARMA	CLASE	MARCA	NÚM. SERIE
OFICIAL	PISTOLA	STAR	1023641
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1086099
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1159031
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1159032
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1202989
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1226
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1230264
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1230308
OFICIAL	PISTOLA	STAR	1357837
OFICIAL	PISTOLA	STAR	1695844
OFICIAL	PISTOLA	STAR	1696175
OFICIAL	PISTOLA	STAR	188180
OFICIAL	PISTOLA	STAR	341970
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	373889
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	510060
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	526281
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	623724

OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	627006
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	634061
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638116
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638117
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638118
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638119
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638120
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638121
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638122
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638123
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638124
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638128
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638129
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638130
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638132
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638133
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638134
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638135
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638136
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638137
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638138
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638139
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638140
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638141
OFICIAL	PISTOLA	LLAMA	69162
OFICIAL	PISTOLA	LLAMA	692560
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	720056
OFICIAL	PISTOLA	LLAMA	818220
OFICIAL	PISTOLA	LLAMA	820075
OFICIAL	PISTOLA	STAR	836420
OFICIAL	PISTOLA	LLAMA	962173
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R236259
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R236265
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R236289
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R242652
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R290646
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R305169
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R334778
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373359
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373360
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373361
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373362
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373363
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373364
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373365
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373366
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373367
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373368
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373369
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373370
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373371
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373372
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373373
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373374

OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373375
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373377
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373378
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373379
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373380
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373381
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373382
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373384
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373385
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373386
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373387
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373388
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373389
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373390
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373391
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373392
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389484
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389485
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389486
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389487
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389488
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389489
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389490
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389491
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389492
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389493
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389494
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389495
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389496
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389497
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389498
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389499
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389500
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389501
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389502
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389503
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389504
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389505
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389506
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389507
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389508
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389509
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389510
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389511
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389512
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389513
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389515
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389516
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389517
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389518
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412036
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412037
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412038
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412039

OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412040
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412041
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412043
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412044
OFICIAL	REVOLVER	LLAMA	R881637

ANEXO II.- Relación de armas depositadas en Intervención Garda Civil para a súa “inutilización” con destino ó Museo da Policía Local de Vigo.

ARMA	CLASE	MARCA	NÚM. SERIE
OFICIAL	PISTOLA	STAR	1491936
OFICIAL	PISTOLA	STAR	1696352
OFICIAL	PISTOLA	STAR	910188
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638126
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	624963
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	910962
OFICIAL	PISTOLA	LLAMA	820076
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R236287
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R366520
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373376
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373383
OFICIAL	REVOLVER	ROSSI	R003753
OFICIAL	REVOLVER	TAURUS	R468719

**23(726).- PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS NOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN. EXPTE. 9/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefe de Área de Servizos Xerais, do 5.05.08, que di o seguinte:

*Antecedentes.*

*As numerosas obras de urbanización de iniciativa privada que se executan dentro do termo municipal, como desenvolvemento do planeamento vixente, e o seu previsible aumento nun futuro próximo, presentan ata a data dificultades de coordinación entre os diferentes departamentos municipais.*

*Ao indicado con anterioridade, sumanse outras obras de menor entidade derivadas das licenzas directas de edificación, e que xeneran problemas coas reposicións do solo xa urbanizado, das novas cesións para urbanizar, e sobre todo coas acometidas dos diversos servizos urbanísticos necesarios para a habitabilidade das vivendas.*

*Existe por tanto a necesidade, en aras da economía dos recursos existentes, de mellorar a coordinación na intervención dos departamentos municipais, e de que a mesma facilite o traballo aos promotores en todo este proceso.*

*E polo que interesa implantar uns protocolos de actuación, tanto para o desenvolvemento dos Proxectos de Urbanización como para o das obras de menor entidade, que mellore estas actuacións dende o inicio das mesmas, durante o proceso de execución, no control da súa calidade e por último na súa recepción.*

*1.- Execución Proxectos de Urbanización.*

*Aínda que nos acordos de aprobación definitiva dos Proxectos de Urbanización, xa se indica a obriga de advertir ao Concello do inicio das obras:*

*“O inicio das obras será posto en coñecemento do Coordinador de Área de Servizos para efectuar o seguimento destas e coordinar os diversos departamentos municipais que terán competencias unha vez sexan entregadas ao Concello. Ao solicitar a recepción das mesmas facilitarase o realmente executado en soporte informático”, a realidade é que rara vez cumpre esta requisito.*

*Co protocolo proposto de actuacións a seguir, a partir do momento da súa aprobación, o inicio dunhas obras de urbanización contidas nun proxecto aprobado definitivamente, só poderá realizarse trala firma da Acta de*

Comprobación de Replanteo.

A solicitude da firma da citada Acta presentárase na Xerencia Municipal de Urbanismo, acompañada da seguinte documentación:

-Plan de seguridade e saúde firmado polo contratista, visado e presentado na Dirección Xeral de Traballo da Comunidade Autónoma.

-Acta de aprobación do Plan de seguridade e saúde polo Coordinador de Seguridade e Saúde, visado polo Colexio profesional correspondente.

-Plan de Control de calidade.

Para a firma da Acta, será necesario que estén presentes:

-Técnico da Xerencia de Urbanismo.

-Técnico Supervisor Municipal.

-O promotor.

-O contratista.

-O Técnico Director das Obras.

-O Coordinador de Seguridade e Saúde.

2.-Recepción das obras de urbanización.

A solicitude da mesma, deberá ser presentada no Concello (Oficina de Supervisión de Proxectos), e irá acompañada da seguinte documentación:

-Planos que inclúan o estado das obras realmente executadas, en soporte papel e informático.

-Certificado de final de obra firmado polo Técnico director da mesma.

-Resumo dos ensaios de control de calidade realizados.

3.-Obras anexas a proxectos de edificación.

Deberase incluír nos Proxectos de Edificación, información gráfica dos servizos urbanísticos existentes no fronte da parcela, do estado da urbanización no mesmo ámbito, e das características das resposicións e/ou cesións urbanizadas.

O solicitante de licenzas de obras de edificación recabará da Oficina de Supervisión de Proxectos, antes de presentar a documentación técnica, informe que defina os elementos dos viarios a repoñer ou no seu caso das obras complementarias de urbanización. Dito informe incluírá as conexións cos distintos servizos públicos (auga, teléfono, electricidade, gas, etc.)

Este informe incluírase na solicitude de licenzas de obras de edificación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o protocolo proposto de actuacións a seguir no desenvolvemento dos proxectos de urbanización e edificación.

2.- Dar conta do presente acordo aos seguintes departamentos: Xerencia de Urbanismo (Licenza de Obras e Planeamento), Vías e Obras, Oficina de Supervisión de Proxectos, Montes, Parques e Xardíns, Servizos Electro-Mecánicos e Limpeza.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(727).- PROXECTO DE CONVENIO DE XESTIÓN URBANÍSTICA PARA A CONSERVACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VALADARES. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4748/401.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 7.05.08, conformado pola coordinadora da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar definitivamente o Convenio subscrito con data 11 de maio de 2007 entre o Concello de Vigo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Xunta Xestora da Entidade Urbanística para a Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo que foi aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro de 2008.

**25(728).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGURIDADE PARA O EDIFICIO CONSISTORIAL. EXPTE. 16/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 8.05.08, que di o seguinte:

*Antecedentes.*

*Ultimamente véñense recibindo queixas en relación coa sustracción de material informático, cámaras fotográficas e incluso desaparición de billeteiras con importantes sumas de diñeiro, etc.*

*Por parte do Concelleiro de Seguridade e o Concelleiro de Xestión Municipal considérase necesario realizar unha análise en profundidade da situación actual do Edificio Consistorial no referente a seguridade. É necesario realizar unha comprobación dos controis existentes para o persoal funcionario e o persoal externo que se achega ao Concello a través das seguintes entradas:*

*Acceso principal do Edificio Consistorial.  
Garaxe soto 2 (Funcionarios).  
Garaxe soto 1 (Corporación).  
Entrada Policía Local.*

*Por todo isto, os citados Concelleiros propoñen a creación dunha “Comisión de Seguridade do Edificio Consistorial” composta por:*

*Presidente:*

*-D. Xulio Calviño Rodríguez..... Concelleiro de Seguridade.*

*Vicepresidente:*

*-D. Carlos López Font..... Concelleiro de Área de Xestión Municipal.*

*-D. Juan Comesaña Allen..... Xefe de Área Mobilidade.*

*-D.ª Dolores Espiño Collazo..... Xefa de Réxime Interior.*

*-D. Ricardo Rodríguez Frieiro..... Xefe de Informática.*

*-D. Carmelo Castillo Martín..... Xefe da Policía Local.*

*-D. Álvaro Crespo Casal..... Xefe de Área de Servizos Xerais.*

*A citada comisión tería entre outras as seguintes funcións:*

- Análisis da situación actual das instalacións do Edificio Consistorial en canto a seguridade e accesos.*
- Proposta dun sistema que garanta a seguridade e o control dos accesos ao edificio consistorial.*
- Posta en funcionamento deste sistema.*
- Seguimento do sistema.*

*Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA:*

*1º.- Aprobar a creación da “Comisión de Seguridade do edificio Consistorial”, dacordo coa seguinte estrutura:*

*Presidente:*

*-D. Xulio Calviño Rodríguez..... Concelleiro de Seguridade.*

*Vicepresidente:*

*-D. Carlos López Font..... Concelleiro de Área de Xestión Municipal.*

*-D. Juan Comesaña Allen..... Xefe de Área Mobilidade.*

*-D.ª Dolores Espiño Collazo..... Xefa de Réxime Interior.*

*-D. Ricardo Rodríguez Frieiro..... Xefe de Informática.*

*-D. Carmelo Castillo Martín..... Xefe da Policía Local.*

-D. Álvaro Crespo Casal..... Xefe de Área de Servizos Xerais.

Coas seguintes funcións:

- *Análisis da situación actual das instalacións do Edificio Consistorial en canto a seguridade e accesos.*
- *Proposta dun sistema que garanta a seguridade e o control dos accesos ao edificio consistorial.*
- *Posta en funcionamento deste sistema.*
- *Seguimento do sistema.*

2º.- *Do presente acordo dárse conta a tódolos interesados.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(729).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO XANTAR-ROMARÍA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 232/107.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador da tenencia de Alcaldía, do 5.05.08, conformado polo tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Autorizar a celebración o vindeiro día 17 de maio de 2008 do evento XANTAR-ROMARIA DO DIA DAS LETRAS GALEGAS no parque de Castrelos durante todo o día.

2º.-Autorizar a montaxe e desmontaxe deste evento desde o día 16 de maio ata o día 17 de maio de 2008.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **27(730).- REPARACIÓN DA CUBERTA DA LONXA DO EDIFICIO CONSISTORIAL. EXPTE. 17/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 8.05.08, que di o seguinte:

*Motivado polo estado de deterioro da Cuberta da Lonxa do Edificio Consistorial e como consecuencia das choivas caídas no día de onte, a Lonxa do Edificio Consistorial apareceu totalmente inundada, xa que a auga da choiva entraba na mesma polas xuntas da cuberta caendo enriba das distintas oficinas que existen na citada lonxa, co risco que isto supón debido ás instalacións eléctricas existentes.*

*Dacordo coa Lei de Contratos do Sector Público que no seu artigo 97 “Tramitación de emerxencia” dí:*

*Cando a administración teña que actuar de maneira inmediata a causa de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo estárase ao seguinte réxime excepcional:*

a) *O órgano de contratación competente, sen obriga de tramitar expediente administrativo, poderá ordear a execución do necesario para remediar o acontecemento producido, satisfacer a necesidade sobrevenida ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ao requisitos formais establecidos na Lei de Contratos, incluso o da existencia de crédito suficiente.*

*Dado o perigo que supón esta situación, tanto para os funcionarios municipais como para os cidadáns que acceden á Lonxa para realizar algun trámite, e tendo en conta o informe da Técnico de Prevención de Riscos municipal de data 8 de maio. O técnico que suscribe propón que se inicie a tramitación dun expediente polo procedemento de emerxencia, para a contratación inmediata das obras de reparación da cuberta da lonxa.*

Con data 9.05.08, o xefe da Área de Servizos Xerais, emite a seguinte proposta:

- 1.- Contratar polo procedemento de emerxencia o expediente para a Reparación da Cuberta da Lonxa do Edificio Consistorial.
- 2.- Contratar a Reparación da Cuberta coa empresa Plygepe, S.L. por un importe co IVE engadido de 137.559,62 Euros, con cargo á partida 1210.632.00.02 que conta con orzamento suficiente para efectuar a reparación.
- 3.- Do anterior débese dar conta, á Oficina de Intervención, á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación Municipal.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devandita proposta.

#### **28(731).- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS A XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE. EXPTE. 2239/336.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 2.05.08, conformada pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a proposta de subvencións da Concellería de Xuventude que se achega, dentro da recente "Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2008" da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, na orde do 31 de marzo de 2008, por importe total de 353.874€ do que se solicita unha subvención de 265.406€

2º.- Facultar a Dna. Iolanda Veloso Ríos, como Concelleira Delegada da Área de Xuventude para representar o Concello de Vigo na presentación das presentes propostas de subvención.

#### **29(732).- ADXUDICACION DO SISTEMA DE XESTION DE ESPERAS PARA A LONXA DO CONCELLO E EQUIPOS INFORMATICOS PARA O SERVIZO DE INFORMACION TELEFONICA 010. EXPTE. 1483/321.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 17.04.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a Algoritmos, Procesos e Diseños, S.A. o lote 1 (equipos de xestión de espera) do procedemento negociado sistema xestión de esperas para a lonxa do Concello e equipos informáticos para o servizo de información telefónica 010 (Exp. 1483/321) por un importe total de 14.534,51 euros. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 26-02-2008 e a oferta presentada.



2º.- Adxudicar a Aplicaciones informáticas AEVigo, S.L. o lote 2 (equipos informáticos) do procedemento negociado sistema xestión de esperas para a lonxa do Concello e equipos informáticos para o servizo de información telefónica 010 (Expte. 1483/321) por un importe total de 7.452,30 euros. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 26-02-2008 e a oferta presentada.

**30(733).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, OUTUBRO 2007 (VÍAS E OBRAS, NOVEMBRO 2007 E MARZO 2008. EXPTE. 18157/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 29.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de outubro 2007 (Vías e obras), novembro 2007 e marzo 2008 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

Servizo de conserxería, relación que se achega e que comeza pr D Amando Diz Ocampo e remata por Dª Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 61.5 horas.

Servizo de parque móbil, relación que se achega e que comeza por Don Manuel Alonso Iglesias e remata por Don Jose M Villaverde Villaverde por un total de 960 horas.

Servizo Montes Parques e Xardíns, relacion que comenza por D Alfonso Casas Iglesias e reata por D Juan Vazquez Blanco, por un total de 261 h

Servizo de vías e obras, relación que se achega e que comeza por Don Jose Luis Moaedo Cabaleiro e remata por Don Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 470 horas.

Servizo de parque central, relación que se achega e que comeza por Don Guillermo Abelleira Porrúa e remata por Don Bernardo Rodríguez Leston, por un total de 443 horas.

Servizo de O.S.P.I.O., relación que se achega e que comeza por Don Jose Eugenio Matilde Viñas e remata por Don Angel Ferro Mancho, por un total de 63 horas.

Biblioteca Publica Central, realcion que contena a D Xose Lois Romero Falque, pro un total de 20 horas

Servizo de policía local, relación que se achega e que comeza por Don Constante Alonso Caride e remata por D Manuel Villar Miguelez, por un total de 1538.45 horas.

Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, relacion que se achega e que comenza por D francisco J Abreu Torres e remata por D Alberto Villar Gutierrez, por un total de 883 h

Alcaldía, relacion que se achega e que comenza por D Basilio Costas Fernandez e remata D Cesareo Rocha Parames, por un total de 149.5 horas

1º Tenencia de Alcaldía, relación que se achega e que comenza po D Juan Pablo Alonso Rodriguez e renata por D Jose Luis Perez Costas, por un total de 145 h.

Servizo de Desinfección, relación que se achega e que comeza por D. M Salome Araujo Rodriguez e remata por D. José Manuel Sousa Atrio,, por un total de 320 horas.

Gratificacións por servizos extraordinarios prestados polos Servizos de Policia Local e persoal do Parque Central de servizos Municipais pola realización de tarefas co motivo da celebración de eleccións xerais do día 9 de marzo de 2008

O montante do presente expediente ascende a un total de 92787.86 € .

**31(734).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA- MARZO 2008. EXPTE. 18193/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 18.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de febreiro 2008, e que ascenden a un total de 1.164.66 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

**32(735).- GRATIFICACIÓN ÓS CONDUCTORES DA ALCALDÍA, POR FESTIVIDADE E NOCTURNIDADE- XANEIRO A MARZO 2008. EXPTE. 18221/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 5.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Recíbese na Unidade de Persoal a relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2008, realizadas polos conductores de Alcaldía.*

*As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2005, no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 1'02 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora traballada de 2'55 €.*

*O Pleno do Concello de data 31 de marzo de 2006 acordou modificar con efectos de 1 de xaneiro de 2005, os recargos previstos nos parágrafos 6 e 9 do artigo 10 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, fixando a súa contía en 2,50 euros nas horas de xornada nocturna a realizar entre as 22,00 horas e as 7,00 horas e en 3,70 euros nas horas realizadas en sábados e días festivos, denominándose tales recargos como gratificacións. Ditas cantidades incrementáronse cos incrementos previstos nas Leis de Orzamentos xerasi do Estado dos anos 2006, 2007 e 2008, polo que para o exercicio actual (2008) o importe do recargo por horas realizadas en xornada nocturna é de 3.93 € e o correspondente a festiva é de 2.65 €.*

A relacion de horas festivas e nocturnas que realizaron os funcionarios mencionados, segundo informe da Alcaldía Presidencia, e a que sigue:

NOCTURNAS		XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	TOTAL NOCTURNAS
10257	COSTAS FERNANDEZ BASILO	11	15	0	26
12256	ROCHA PARAMES CESAREO	0	15	23	38

FESTIVAS		XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	TOTAL FESTIVAS
10257	COSTAS FERNANDEZ BASILO	99	73	62	234
12256	ROCHA PARAMES CESAREO	0	33	63,5	96,5

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, A C O R D O :

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna a D Basilio Costas Fernandez (n persoal 10257) a cantidade de 988,52 € e D Cesareo Rocha Parames (n persoal 12256) a cantidade de 479,95 € segundo as relacións que se achegan e que supón un total de 1468,47 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(736).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DOS SERVIZOS DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS E ELECTROMECAÑICOS, POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS SEN SER OFICIAIS CONDUCTORES- 1º TRIMESTRE. EXPTE. 18192/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 18.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A instrucción terceira, apartado g) de data 30 de maio de 2005 sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de productividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de 3'12 € por día, que unha vez actualizado cos incrementos legalmentey previstos, para o ano 2008 o seu importe sera de 3'30 €.

Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Recíbense na Unidade de Persoal, debidamente asinado polos Xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, os informes dos servizos de Montes, Parques e Xardins e Servizo de Electromecánicos, segundo a relación seguinte:

servizo	nome	periodo	n dias	Importe
Electromecánicos	Ange Posada Oitaben	1º trimestre 08	60	198,00
Electromecánicos	Juan Davila Perez	1º trimestre 08	54	178,20
Electromecánicos	Juan A Garcia Campos	1º trimestre 08	46	151,80
Montes, Parques e Xardins	Alfonso Alonso Rodriguez	1º trimestre 08	55	181,50

Montes, Parques e Xardins	Joaquin Dominguez Casales	1º trimestre 08	8	26,40
Montes, Parques e Xardins	Ramon Fernandez Campos	1º trimestre 08	42	138,60
Montes, Parques e Xardins	Eduardo A Perez Da Silva	1º trimestre 08	44	145,20
Montes, Parques e Xardins	Gerardo Sanchez Vicente	1º trimestre 08	57	188,10
Montes, Parques e Xardins	Adolfo Troncoso Campos	1º trimestre 08	58	191,40
Montes, Parques e Xardins	Jose Manuel Vila Bastos	1º trimestre 08	26	85,80
				1485,00

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardins e Servizo de Electromecanicos, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 1485.00 € , correspondentes ó 1º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **34(737).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESIFECCIÓN- MARZO 2008. EXPTE. 18194/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Dona M<sup>a</sup> Salome Araujo Rodriguez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de marzo de 2008 e que ascenden a un total 716.7 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

#### **35(738).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL- MARZO 2008. EXPTE. 18200/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 18.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a D Antonio Amoedo Garcia, que figura na relación adxunta e que supón un total de 26.61 €, correspondente o mes de marzo 2008 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**36(739).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE CENTRAL MUNICIPAL POR MANEXO DE MAQUINARIA PESADA. PRIMEIRO TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18196/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 5.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil e Parque Central de Servizos, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2008, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Manuel Alonso Iglesias e remata por don Jose Manuel Villaverde Villaverde (Parque Móvil) e D Miguel Angel Alonso Alonso (Parque Central de Servizos) e que ascenden a un total de 1866,78 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

**37(740).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS SEN SER OFICIAIS CONDUCTORES- 1º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18195/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 18.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A instrucción terceira, apartado g) de data 30 de maio de 2005 sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de productividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de 3'12 € por día, que unha vez actualizado cos incrementos legalmente previstos, para o ano 2008 o seu importe sera de 3'30 €.*

*Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.*

*Recíbense na Unidade de Persoal, debidamente asinado polos Xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, os informes dos servizos de Parque Central de Servizos, Parque Mobil, Extinción de Incendios, Vías e obras, Xuventude e Educación, segundo a relación seguinte:*

servizo	nome	periodo	n días	Importe
Parque Central de Servizos	Miguel Angel Alonso Alonso	1º trimestre 2008	10	33,00
Parque mobil	Francisco Davila Vieitez	1º trimestre 2008	15	49,50
Extinción de incendios	M Luz Palmas Calvar	1º trimestre 2008	55	181,50
Extinción de incendios	J Manuel Garcia Gonzalez	1º trimestre 2008	56	184,80
Sanidade	Antonio Barreira Pazos	1º trimestre 2008	15	49,50
Vías e obras	Daniel Dominguez Alonso	1º trimestre 2008	30	99,00
Vías e obras	Jose Manuel Martinez Gonzalez	1º trimestre 2008	56	184,80
Vías e obras	Jose Carlos Gutierrez Rodriguez	1º trimestre 2008	13	42,90
Vías e obras	Jose Luis Vazquez de Francisco	1º trimestre 2008	30	99,00
Xuventude	Jose Alvarez Riveiro	1º trimestre 2008	57	188,10

Educacion	Gabriel Garcia Alvarez	1º trimestre 2008	49	161,70
			Total	1273,80

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

*“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Parque Central de Servizos, Parque Mobil, Extinción de Incendios, Vías e obras, Xuventude e Educación, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 1273.80 € , correspondentes ó 1º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**38(741).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.